



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de contratación pública de traballos de arquitectura

CONVOCATORIA: Curso de contratación pública de traballos de arquitectura

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	33
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓCURSO

O curso ten como finalidade proporcionar ao alumnado os coñecementos necesarios para poder xestionar con solvencia todos os procesos relacionados coa contratación pública de obras de arquitectura.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a:

-Arquitectos/as interesados/as en ampliar os seus coñecementos con formación especializada no ámbito da contratación pública de obras de arquitectura e en coñecer en profundidade todos os procedementos vinculados a este tipo de contratación, en aplicación do seu marco xurídico definido pola Lei de Contratación Pública, Lei 9/2022, do 14 de xuño, de Calidade da Arquitectura e Lei 2/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- Secretarios e interventores das administracións locais de Galicia.

- Persoal das distintas administracións públicas de Galicia: persoal funcionario de carreira, persoal interino dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I ou II, que posúan o título de grao, licenciatura ou máster, arquitecto, arquitecto técnico ou enxeñeiro.

PROGRAMA

O curso estrutúrase en varias xornadas nas que se abordará o marco xurídico da contratación pública de obras de arquitectura, así como as distintas fases do proceso de contratación, desde a definición da estratexia, a elaboración dos pregos e os procedementos de licitación ata a execución, finalización e recepción das obras.

Analizaranse as principais cuestións prácticas, custos e problemáticas asociadas a cada fase, complementando os contidos coa presentación de casos de éxito e da ferramenta informática PAUTA, desenvolvida polo COAG para facilitar a convocatoria de concursos de arquitectura e a estimación dos custos de obra e proxecto.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A metade das prazas convocadas estarán reservadas para o persoal empregado público indicado na base terceira da convocatoria DOG.

A outra metade das prazas será seleccionada entre as persoas colexiadas e solicitantes con matrícula ordinaria.

O criterio de ordenación subsidiario en cada cota será en todo caso a data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición cumprimentando o formulario que para ese efecto figurará na páxina web do COAG (<https://www.coag.es>), na sección do curso, acreditando a documentación requirida:

- Arquitectos, arquitectos técnicos ou enxeñeiros: título de grao, licenciatura ou máster.
- Persoal empregado público: certificación de funcións, cabeceira de nómina, toma de posesión, nomeamento.... e título de grao, licenciatura ou máster, arquitecto, arquitecto técnico ou enxeñeiro.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 23/09/2026 a 21/10/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

EGAP, rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela